

Bloques	PREGUNTAS DE RESPUESTA ÚNICA
Bloque 1: Sociedades no tempo	1. A nova monarquía dos Reis Católicos (con especial atención á unión dinástica e a reorganización política administrativa).
	2. A configuración do imperio español no século XVI (con especial atención aos cambios en tempos de Filipe II)
	3. A crise do século XVII: aspectos socioeconómicos e políticos (con especial atención aos aspectos políticos: o programa de reformas de Olivares e as rebelións de Cataluña e Portugal)
	4. Economía e sociedade na Galicia dos Austrias (con especial atención ás características da agricultura e ás súas transformacións, xunto coa importancia da pesca na Galicia litoral).
	5. Conquista e colonización de América: leis de Indias e revolución dos prezos (con especial atención aos sistemas de explotación dos recursos humanos: encomenda, mita; as críticas aos mesmos e os intentos de evitar os abusos —Leis de Burgos—.
	6. O cambio dinástico e a guerra de Sucesión (con especial atención ás causas e consecuencias da guerra).
	7. Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos (con especial atención aos contidos dos Decretos)
	8. O reformismo borbónico en Galicia (con atención preferente á creación do arsenal de Ferrol).
	9. A Ilustración en España (con especial atención ao Despotismo Ilustrado desenvolvido por Carlos III e as dificultades atopadas na súa realización)
	10. O papel da muller na Idade Moderna (con especial atención ás diferenzas —sociais, laborais, educativas...— entre as mulleres privilexiadas e non privilexiadas.

ESTRUTURA DA PROBA

Para facilitar a corrección das preguntas, **é importante que se responda a cada unha delas por apartados (a, b, c...) ou que, no caso de non facelo así, se marquen as diferentes partes da pregunta con claridade** (por exemplo, empregando parágrafos distintos, suliñando cada parte, etc). Desta maneira facilitarase a maior obxectividade posible na cualificación de cada ítem de corrección conforme á rubrica.

Por outra banda, o **acordo da CRUE** sobre os criterios de avaliación das probas sinala que a cualificación outorgada debe valorar a coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica así como a súa presentación. No caso da nosa materia, sinala que a ponderación será do 10% da cualificación total outorgada ao exame.

Pregunta 1. Sociedades no tempo. Reflexión crítica das fontes de información.

Identificar informacións erróneas (ata 0,5 puntos)	Identificación correcta de un erro: ata 0,25 Identificación correcta de dous erros: ata 0,5
Explicar os erros detectados (ata 1,5 puntos)	Explicación correcta de un erro cunha resposta que demostre o coñecemento do tema: ata 0,75 Explicación correcta de dous erros cunha resposta con precisións e aclaracións: ata 1,5
Rectificación dos erros (redacción correcta) (ata 0,5 puntos)	Redacción correcta de un erro empregando un vocabulario axeitado: ata 0,25 Redacción correcta de dous erros empregando un vocabulario axeitado: ata 0,5

Aclaracións sobre as características dos posibles erros:

· Os erros a identificar nunca serán máis de **DOUS**, de xeito conceptual e de contidos esenciais, non sobre cuestións de detalle.

· **Os erros serán sempre de calado**, ben conceptuais ou de contidos esenciais da materia e non sobre detalles ou cuestións moi precisas. Por exemplo, poderán ser do seguinte tipo: “A formación da Gran Armada contra Inglaterra foi consecuencia da política de reputación impulsada polo Conde Duque de Olivares”; “Un dos principais conflitos aos que debeu facer fronte Filipe II foi a rebelión de Portugal” ou “O conde duque de Olivares tivo gran importancia na definición da política exterior de Filipe II pola súa condición de valido real”.

-

Aclaracións sobre o formato das respostas:

· **Os erros teñen que transcribirse no cadernillo.** Non serve subliñar no texto do exame, porque os/as correctores/as só reciben o caderniño de respostas.

· **As respostas deben ser redactadas** porque non só se valora o contido, senón tamén á **calidade da redacción** (vid. Aclaración inicial sobre coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica e a súa presentación).

· Para evitar confusións no proceso de corrección, **aconsellamos que a información se redacte en dous parágrafos** seguindo o seguinte modelo:

- **Identificación dos erros** (por exemplo: Apartado 1.1 O texto contén dous erros. O primeiro refírese... O segundo erro consiste en...).
- **Argumentación** (por exemplo: Apartado 1.2 Respecto ao primeiro erro, trátase dunha idea equivocada porque... En canto ao segundo, non é así porque...).
- **Redacción correcta** (por exemplo: Apartado 1.3 O texto debería dicir que... A redacción correcta do segundo erro sería...).

· A rectificación do erro debe facerse **sen volver copiar todo o texto, senón só a frase ou idea que está mal.**

· **A explicación dos erros debe ser concreta** (sen expoñer todo o tema teórico), coherente e argumentada.

· Non é necesario redactar unha introdución nin tampouco unha conclusión; limitándose a resposta ao formato que presentamos.

	PREGUNTAS CON OPCIONABILIDADE
Bloque 2: O camiño cara a contemporaneidade. Das revolucións liberais ao tardofranquismo	11. A crise da monarquía absoluta (abdicacións, ocupación napoleónica). 12. As Cortes de Cádiz e a constitución de 1812. 13. A restauración de Fernando VII e do absolutismo (as etapas do reinado). 14. A construción do Estado liberal (principios do liberalismo e diferenzas entre as familias políticas da época). 15. A Revolución Gloriosa e a constitución de 1869. 16. A primeira república (proxecto de constitución federal e cantonalismo). 17. A Restauración. 18. A cuestión nacional no último terzo do século XIX. 19. A crise da Restauración: a quebra do sistema, a crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos. 20. A ditadura de Primo de Rivera (golpe de estado e etapas: delimitación temporal e características principais). 21. O establecemento da II República (forzas políticas e constitución de 1931). 22. A Guerra Civil: sublevación, bandos en conflito e a súa dimensión internacional. 23. O franquismo: características e institucionalización. 24. O franquismo: as formas de oposición ao Réxime.

Pregunta 2. O camiño cara á contemporaneidade. Análise comparativa.

Moi deficiente (0)	Resposta en branco o sen relación coa materia da pregunta
Deficiente (entre 0,1 e 0,5)	Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta Texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Insuficiente (entre 0,6 e 1,24)	Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos Redacción moi simple
Aprobado (entre 1,25 e 1,74)	Resposta na que se indican as semellanzas e diferenzas básicas entre as temáticas propostas. Texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (entre 1,75 e 2,24)	Resposta na que se indican as semellanzas e diferenzas básicas e se explica con certa profundidade polo menos UNHA delas. Redacción correcta
Sobresaliente (entre 2,25 e 2,50)	Resposta que ademais de indicar as semellanzas e diferenzas básicas, explica con certa profundidade polo menos DÚAS delas. Redacción correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado

Aclaracións sobre as posibles comparacións:

- As comparacións serán xenéricas (etapas, ideoloxías, situacións políticas...).
- Se a comparación é entre períodos históricos, estes serán consecutivos, nunca entre etapas moi diferentes, como podería ser, por exemplo, comparar o reinado de Fernando VII e o Sexenio democrático.
- Non haberá comparacións entre Constitucións nin se preguntarán as etapas do reinado de Sabela II. Porén, se o obxecto da comparación invita a introducir aspectos relacionados coas diferenzas entre constitucións, por pertencer a ideoloxías diferentes, si será necesario salientalo.
- A resposta **non debe elaborarse como se fora un comentario de texto, nin un tema teórico** porque non o é. **O alumnado unicamente debe explicar as semellanzas e diferenzas** que constitúen esa análise comparativa.
- A resposta non pode formularse mediante unha táboa comparativa.

	PREGUNTAS CON OPCIONABILIDADE
Bloque 2: O camiño cara a contemporaneidade. Das revolucións liberais ao tardofranquismo	11. A crise da monarquía absoluta (abdicacións, ocupación napoleónica). 12. As Cortes de Cádiz e a constitución de 1812. 13. A restauración de Fernando VII e do absolutismo (as etapas do reinado). 14. A construción do Estado liberal (principios do liberalismo e diferenzas entre as familias políticas da época). 15. A Revolución Gloriosa e a constitución de 1869. 16. A primeira república (proxecto de constitución federal e cantonalismo). 17. A Restauración. 18. A cuestión nacional no último terzo do século XIX. 19. A crise da Restauración: a quebra do sistema, a crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos. 20. A ditadura de Primo de Rivera (golpe de estado e etapas: delimitación temporal e características principais). 21. O establecemento da II República (forzas políticas e constitución de 1931). 22. A Guerra Civil: sublevación, bandos en conflito e a súa dimensión internacional. 23. O franquismo: características e institucionalización. 24. O franquismo: as formas de oposición ao Réxime.

Bloque 3: O modelo de desenvolvemento económico español.	25. A reforma agraria liberal: as desamortizacións. 26. Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril. 27. O movemento obreiro (Sexenio Democrático e Restauración). 28. A evolución da sociedade no século XIX (con especial atención á situación da muller).
Bloque 4: Retos do mundo actual	29. As principais reformas da II República 30. O franquismo: política económica. 31. A situación da muller no século XX (II República, franquismo, gobernos da democracia). 32. A Transición e a consolidación da democracia. 33. España en Europa e no mundo (entrada na CEE, integración na política internacional, participación en conflitos bélicos e misións humanitarias e de paz). 34. Evolución e cambios na España actual (os retos da globalización económica e cultura, o estado de benestar...)

Preguntas 3 e 4. Comentario de documentos históricos (fragmentos de textos, táboas de datos, imaxes, gráficos ou mapas).

Comentario de textos históricos

Identificación do tema (entre 0 e 0,5)	-Distinción xenérica do asunto tratado no texto: ata 0,25. -Indicación precisa do asunto tratado no texto: ata 0,5
Contextualización do documento (entre 0 e 0,5)	-Situación na súa etapa histórica: ata 0,2 -Etapa histórica+cronoloxía precisa: ata 0,3 -Etapa histórica+cronoloxía precisa+ autoría ou intencionalidade (segundo o caso): ata 0,5
Comentario do proceso histórico // tema (entre 0 e 1,5 puntos)	-Resposta básica: ata 0,5 -Resposta que demostra o coñecemento do tema: ata 1 -Resposta con precisións e aclaracións: ata 1,5

Comentario de táboas de datos, imaxes, gráficos ou mapas

Análise dos datos (entre 0 e 1)	-Identificación do período cronolóxico, ámbito xeográfico e idea principal que reflicte o documento: ata 0,25 -Identificación da idea principal + análise dos períodos/asuntos que se poden distinguir, así como a relación entre eles e, de ser o caso, a evolución dos datos: ata 0,5 -Identificación da idea principal + exame dos distintos apartados + valoración dos datos: ata 1
Explicación do contido (entre 0 e 1,5)	-Indicar e explicar de forma xenérica o contexto histórico do documento obxecto de comentario: ata 0,5 puntos -Afondar na explicación do tema (comentario das causas, obxectivos, posibles dificultades, acontecementos históricos directamente relacionados co mesmo, consecuencias...): ata 1 punto.

Aclaracións sobre os comentarios:

- Non hai que clasificar o documento.
- Non hai que **identificar** o documento, senón **o tema**.
- As respostas deben **centrarse no asunto concreto tratado no texto** e non utilizar o texto como pretexto para elaborar unha pregunta-tema.
- No caso de contestar os diferentes apartados relativos á análise dos datos e a explicación do contido, estes serán separados por punto e aparte.